

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

1809 *REAL DECRETO 62/2003, do 17 de xaneiro, polo que se modifica o Real decreto 1945/1985, do 9 de outubro, polo que se regula a hemodoazón e os bancos de sangue. («BOE» 25, do 29-1-2003.)*

O Real decreto 1945/1985, do 9 de outubro, polo que se regula a hemodoazón e os bancos de sangue, constituíu no seu artigo 19 a Comisión Nacional de Hemoterapia, e no seu artigo 20, as comisións autonómicas de hemoterapia.

A complexidade técnica crecente que reviste a materia regulada, así como a experiencia acumulada no funcionamento da Comisión Nacional desde a aprobación do citado real decreto, esixen unha nova formulación para conseguir unha coordinación máis eficaz das actuacións das comunidades autónomas.

O Real decreto 840/2002, do 2 de agosto, polo que se modifica e desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Sanidade e Consumo, determina que a citada comisión nacional quede adscrita ó Ministerio de Sanidade e Consumo a través da Dirección Xeral de Saúde Pública.

Por outra parte, a aprobación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, require a modificación do capítulo VI do Real decreto 1945/1985, co fin de facer referencia expresa á regulación que, con carácter xeral, efectúa a dita lei respecto dos órganos colexiados.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e oídos os sectores afectados.

Este real decreto dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a da Constitución española e de acordo co previsto no artigo 40.5 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade e Consumo, coa aprobación do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de ministros na súa reunión do día 17 de xaneiro de 2003,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do capítulo VI do Real decreto 1945/1985, do 9 de outubro, polo que se regula a hemodoazón e os bancos de sangue.*

O capítulo VI do Real decreto 1945/1985, do 9 de outubro, queda modificado nos seguintes termos:

«VI. COMITÉ CIENTÍFICO PARA A SEGURIDADE TRANSFUSIONAL E COMISIÓNS DE HEMOTERAPIA

Artigo 19. *Comité Científico para a Seguridade Transfusional.*

1. Créase o Comité Científico para a Seguridade Transfusional, de asesoramento técnico, a función do cal será propoñer as directrices sobre seguridade transfusional no nivel estatal. O dito comité, que estará vinculado á Dirección Xeral de Saúde Pública, actuará baixo os principios de obxectivi-

dade, imparcialidade e confidencialidade no exercicio da súa función.

2. O comité científico estará composto por sete vocais designados polo titular do Ministerio de Sanidade e Consumo entre expertos de recoñecido prestixio e dedicación no ámbito da transfusión, de forma que se garanta o maior nivel de seguridade nas distintas fases que comporta a cadea transfusional. Dous destes vocais serán designados por proposta das sociedades científicas, un deles pola Sociedade Española de Transfusión Sanguínea e o outro pola Asociación Española de Hematoloxía e Hemoterapia.

Os vocais do comité científico desempeñarán os seus cargos por períodos de tres anos que se renovarán automaticamente ó seu cumprimento, a non ser que a xuízo do titular do departamento proceda a designación dun novo vocal por causas xustificadas.

De entre os sete vocais sinalados, o titular do Ministerio de Sanidade e Consumo designará un presidente, que velará polo cumprimento dos obxectivos encomendados ó comité.

Para o cumprimento dos seus fins, o comité científico contará cun secretario técnico, designado igualmente polo titular do departamento entre os funcionarios do Ministerio de Sanidade e Consumo con responsabilidade na área de hemoterapia, que contará cos medios persoais e materiais necesarios.

Con independencia dos vocais designados, poderase solicitar a colaboración de cantos expertos sexan necesarios cando a natureza e especialización da materia o requira. Ademais, por proposta do citado comité poderanse constituír grupos de traballo para estudos concretos, que elevarán a este o seu informe e proposta final.

Artigo 20. *Comisións de hemoterapia.*

1. A Comisión Nacional de Hemoterapia queda configurada como un órgano de coordinación adscrito ó Ministerio de Sanidade e Consumo a través da Dirección Xeral de Saúde Pública.

2. As funcións da citada comisión son as seguintes:

a) Aproba-las directrices do comité científico e a súa implantación, así como o seu seguimento e control.

b) Determina-las plans de actuación da Rede Nacional de Bancos de Sangue.

c) Elevar ó Pleno do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde:

1.º Informe das actividades da comisión.

2.º Informe das actuacións realizadas polas administracións autonómicas en cumprimento das directrices aprobadas pola comisión.

3.º Informes, recomendacións e propostas en materia de hemoterapia.

3. Para o cumprimento das funcións anteriormente descritas, a Comisión Nacional de Hemoterapia estará composta por:

a) O director xeral de Saúde Pública do Ministerio de Sanidade e Consumo, que a presidirá.

b) O director da Axencia Española do Medicamento, que exercerá a vicepresidencia.

c) O director xeral de Farmacia e Productos Sanitarios do Ministerio de Sanidade e Consumo.

d) Un representante do Ministerio de Defensa (Inspección Xeral de Sanidade).

e) Un representante con capacidade de decisión na materia por cada unha das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía.

f) O presidente do Comité Científico para a Seguridade Transfusional.

g) O secretario técnico do comité científico, que actuará como secretario da Comisión Nacional de Hemoterapia, con voz pero sen voto.

A Comisión Nacional de Hemoterapia poderalle solicitar ó comité científico cantos estudos e informes considere pertinentes.

4. As convocatorias da Comisión Nacional de Hemoterapia serán realizadas polo secretario e por orde do presidente, así como a elevación ó Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde dos informes e as propostas formuladas. A dita comisión reunirse polo menos unha vez ó ano.

5. En caso de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, o presidente será substituído polo vicepresidente e, no seu defecto, polo director xeral de Farmacia e Productos Sanitarios.

Cando na orde do día figuren asuntos relacionados coa promoción da doazón, asistirá como membro de pleno dereito un representante das asociacións de doadores legalmente constituídas de ámbito ou implantación estatal.

Cando os asuntos para tratar así o aconsellen e por instancia da presidencia, poderán ser invitados representantes doutros departamentos ou organismos, representantes das asociacións de enfermos usuarios de hemoterapia ou os expertos que en cada caso se consideren necesarios.

6. Como órgano coordinador en materia de hemoterapia en cada comunidade autónoma, poderanse constituír comisións autonómicas de hemoterapia, as funcións e composición das cales serán reguladas polas súas autoridades sanitarias.»

Disposición adicional única. *Funcionamento da Comisión Nacional de Hemoterapia.*

Sen prexuízo do previsto neste real decreto, o funcionamento da Comisión Nacional de Hemoterapia axustarase ó establecido no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a da Constitución española e de acordo co previsto no artigo 40.5 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 17 de xaneiro de 2003.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Sanidade e Consumo,
ANA MARÍA PASTOR JULIÁN

